



SESION ORDINARIA DE 30 DE DECEMBRO DE 2025

Presidente en funcións:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as Deputados/as:

D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvareño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta de decembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do Presidente en funcións. Sr. D. Efrén Castro Caloto, reúnen as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU		Página 1/21	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=1

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E ANEXOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Presidente do seguinte teor:

“I.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu art. 36 (parágrafo 1º) establece que: *“1. Son competencias propias da Deputación as que lles atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:*

a. A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e axeitada a que se refire o apartado a do número 2 do artigo 3l.

b. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.”

E no parágrafo segundo, concreta: *“2. Aos efectos do disposto nos parágrafos a) e b) do número anterior, a Deputación:*

a. Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración da cal deben participar os municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que atoparase o análises dos custes efectivos dos servizos dos concellos, poderá financiarse con medios propios da Deputación ou entidade equivalente, as achegas municipais e as subvencións que acorden a Comunidade Autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos orzamentos ...”

II.- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 110 tamén prevé que as deputacións aproben anualmente un plan provincial de

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	2/21





cooperación as obras e servizos de competencia municipal, garantindo a participación dos Concellos na súa elaboración.

III.- O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes sobre réxime local, no artigo 32, prevé que para o desenvolvemento da cooperación, as Deputacións, coa participación dos Concellos, redactarán os plans provinciais previstos no Art. 36 da LBRL, fixando na tramitación deses plans un trámite de información pública, mediante anuncio no BOP, polo prazo de dez días.

IV.- Tendo en conta devandita normativa, o equipo de Goberno ten a vontade de elaboración dun Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, que vai máis aló das obras e servizos tradicionais e incorpora servizos demandados polos veciños, como a axuda no fogar; actividades e investimentos culturais, deportivos, administración electrónica e protección de datos, protección civil, celebración de eventos turísticos, feiras, mercados e outros; e programas de emprego para atacar o despoboamento e o paro: eixes básicos do plan, aínda que cada Concello no exercicio da autonomía a apegados á súa realidade, concrete as accións a desenvolver.

A xustificación de obxectivos, criterios de distribución, obxectividade, transparencia, e participación dos municipios quedan reflectidas nas bases elaboradas e que se someten a aprobación do pleno.

V.- A Deputación provincial trata así de dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada Concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en qué e cómo gastar) mediante a ampliación e flexibilizando o seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais, coñecendo os fondos de que dispoñen para un período de tempo razoable de xestión e execución.

VI.- O Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, no que atinxe aos instrumentos de cooperación con municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, profundando deste modo na equidade, obxectividade e transparencia nas políticas e actividade de cooperación cos concellos.

VII.- Nas bases téñense en consideración aquelas recomendacións do Consello de Contas de Galicia emitidas no Informe de fiscalización sobre os criterios de reparto de recursos entre Concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia do gasto,

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	3/21	

incluíndo por parte desta Deputación aquelas que considera axeitadas e realiza a incorporación das mesmas nas Bases do plan.

VIII.- Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención e convenios; de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda basicamente concentrada neste Plan Deputación de Cooperación cos Concellos.

Xa que logo, este plan potencia a autonomía e responsabilidade dos Concellos, mostrando o papel colaborador dos gobernos intermedios, como as Deputacións Provinciais; e mostra a convicción de que a cooperación entre administracións e a canle para satisfacer as necesidades dos veciños da Provincia, en accións de gobernanza deseñadas e aplicadas pensando nas persoas.

Son 22.250.000,00 euros para Lugo e os seus habitantes, repartidos por todo o territorio, co obxectivo final de mellorar a economía real, a actividade socioeconómica e calidade de vida.

Por todo o exposto, por esta Presidencia, previo informes dos servizos, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Aprobar as bases do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2026 e os modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.
2. Ordenar que se publiquen as Bases do Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2026 e anexos no BOP, na páxina Web da Deputación e participalo a todos os Concellos.
3. Ordenar que pola Unidade de Obras e Plans (Servizo de Contratación e Fomento) se elabore o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 de acordo coas bases e as solicitudes dos Concellos.
4. Someter dito plan, unha vez elaborado, á aprobación do Pleno."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. Luís Fernández Guitián e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede."

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	4/21	



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (12 emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG) e (1 emitido polo señor Deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente, en funcións, declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=2

3.- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVAS AO ORZAMENTO XERAL DE 2026, E APROBACIÓN DEFINITIVA SE PROCEDE.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Presidente do seguinte teor:

“PROPOSTA DA PRESIDENCIA

Asunto: Reclamacións administrativas ao Orzamento Xeral de 2026 e aprobación definitiva

O proxecto de Orzamento Xeral 2026 da Excm. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 25.11.2025, e exposto ao público segundo anuncio no BOP nº 272, do 26.11.2025, por espazo de 15 días hábiles.

Presentouse en prazo, no Rexistro Xeral de entrada, a seguinte alegación:

- O 16.12.2025 co número 2025RT020841 de rexistro, por José Manuel Cebral Varela, en representación do Sindicato CCOO.

Á vista do escrito presentado, e do Informe do Servizo de RR HH, ponse de manifesto a procedencia de desestimar a reclamación presentada contra o Proxecto de Orzamento 2026, polo que en base a dito informe propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º. Desestimar a reclamación presentada por José Manuel Cebral Varela, en representación do Sindicato CCOO.

2º. Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2026, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	5/21	

...”

Toma a palabra a Interventora para explicar resumidamente o contido da reclamación e a razón do seu desestímulo; pregunta o Presidente en funcións aos Deputados se hai algunha cuestión sobre o asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia en funcións, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (12 emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG) e (1 emitido polo señor Deputado non adscrito); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente, en funcións, declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=3

4.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUÍTA DOS PANEIS E DO LIBRO CONMEMORATIVOS DO 125 ANIVERSARIO DA BANDA DE MUSICA DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA A FAVOR DO DITO CONCELLO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data do 07.10.25 a Alcaldesa-Presidenta do Concello de Antas de Ulla presenta escrito de solicitude de cesión gratuíta dos paneis conmemorativos do 125 aniversario da Banda de Música do Concello de Antas de Ulla e dos exemplares do libro que editou a Deputación de Lugo con motivo da dita efeméride.

Na dita solicitude ponse de manifesto que “Co gallo do 125 aniversario, consideramos de especial interese expoñer os paneis conmemorativos no noso Concello tanto en espazos públicos como no marco de futuras actividades culturais e educativas, co obxectivo de continuar difundindo o legado e a traxectoria desta institución centenaria. E os exemplares do libro editado pola Deputación de Lugo que recolle a historia, testemuñas e fotografías da Banda, para a súa conservación e consulta no Concello, na Biblioteca Municipal e en centros educativos locais”.

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	6/21	



Vista a Resolución da Presidencia do 01.03.21 asinada baixo o CSV IV7H4KAKFZECLDW7YQHUIZZAAI pola que, a proposta da Área de Promoción do Territorio e Turismo, adxudica a execución do contrato menor consistente no proxecto expositivo "Banda Municipal de Antas de Ulla: 125 Anos Resoando no Corazón de Galicia", por importe de 14.550 euros, aos que se engadirán 3.055,50 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 17.605,50 euros co seguinte detalle e prezo unitario:

7 monolitos de 4 caras 7*750 €,
2 peanas cadradas 2*75€,
Deseño e identidade gráfica 1*900 €,
Edición libro conmemorativo 1.000*3,15 €,
Guión, documentación, selección entrevistados, etc.. 1*600 €,
Documentación e coordinación 1*4.500 €.

Tendo en conta que forma parte do expediente a certificación que expresa que os 7 monolitos e as 2 peanas están inscritas no libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Excma. Deputación Provincial, baixo a natureza xurídica de ben patrimonial.

Tendo en conta que forma parte do expediente o informe do 25.11.25, asinado baixo o CSV IV7Q4TP2OBHK6XESZRIMMEPVMI, no que se expresa que: *No servizo de Turismo da Deputación de Lugo, a data 25.11.2025, permanecen dispoñibles 12 exemplares do libro conmemorativo do 125 aniversario da Banda de Música do Concello de Antas de Ulla.*

A tramitación deste expediente enmárcase nos obxectivos de promoción da cultura, da música, da literatura e da lingua galegas, ámbitos nos que esta Deputación de Lugo promove e participando nas iniciativas de carácter cultural que, pola súa propia natureza, achegan valor á provincia. Estas actuacións constitúen un elemento dinamizador tanto cultural como económico, con repercusións que se estenden a outros territorios.

Así o Concello de Antas de Ulla quere poñer en valor a traxectoria, tradición e impacto social da banda de música, elemento identitario relevante do seu concello como plasman os paneis conmemorativos da banda de música municipal como soporte documental e expositivo ao recoller información de carácter histórico, artístico e sociocultural

A solicitude do Concello de Antas de Ulla servirá tamén de xeito transversal como instrumento de sensibilización para as veciñas e veciños facilitando o coñecemento, a

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	7/21



interpretación e divulgación da traxectoria desta formación musical. A súa incorporación ao patrimonio municipal permitirá poñelo á disposición do público, favorecendo o acceso da cidadanía e contribuíndo á preservación da memoria colectiva.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral, do 28 de novembro de 2025, asinado baixo o CSV IV7Q463CPVVSWSZTWYXSOF7AAQ, no que ademais do réxime xurídico sinala entre outros que, o requisito da finalidade esixida para a cesión gratuíta da titularidade do conxunto dos paneis interesados descritos cumpre co destino e finalidade pública que, entre outras, promove esta Deputación de Lugo de entre outras moitas de promoción e preservación da cultura e da música da provincia de Lugo e que coincide coas pretensións.

Así mesmo cúmprese o requisito esixido ao cesionario contido no artigo 145.4 da Lei 33/2003 LPAP, que limita a favor das comunidades autónomas, das entidades locais ou das fundacións públicas as cesións gratúitas de titularidade.

Ademais expresa que o presente procedemento relativo á solicitude de cesión gratuíta da titularidade dos elementos constitutivos do proxecto expositivo "Banda Municipal de Antas de Ulla: 125 Anos Resoando no Corazón de Galicia", consistente en 7 monolitos de 4 caras, 2 peanas cadradas e os 12 exemplares do libro conmemorativo que foran propostos pola Area de Promoción do Territorio e Turismo adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á aprobación do Pleno Provincial ao que non presenta ningún inconveniente o informe da Intervención Provincial, emitido en data de 2 de decembro de 2025, baixo o CSV IV7Q4LS5PUWOZ5EOXV4G43QRIA, en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril -Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local- e do artigo 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, -Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales- en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, PROPONSE AO PLENO PROVINCIAL:

PRIMEIRO. Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade dos elementos constitutivos do proxecto expositivo "Banda Municipal de Antas de Ulla: 125 Anos Resoando no Corazón de Galicia", consistente en 7 monolitos de 4 caras, 2 peanas cadradas e os 12 exemplares do libro conmemorativo que foran propostos pola Area de Promoción do Territorio e Turismo, acordo que se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	8/21	



SEGUNDO. Remitir este acordo ao solicitante e formalizar o acordo de vontades en documento administrativo e a acta de entrega pertinente.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. Luís Fernández Guitián e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 25. Polo que o Presidente, en funcións, declara aprobada por unanimidade a proposta presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=4

5.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA DE CESIÓN GRATUITA DA TITULARIDADE DE INMOBLE PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia que textualmente di:

“Visto o informe emitido polo Secretario Xeral, con data do 28.11.25, baixo o CSV IV7Q463JJEBM4TRPAF5WHZCACE co seguinte teor:

“Con data do 28.10.25 no rexistro desta Deputación de Lugo co número de entrada 2025RT017613 o Concello de Navia de Suarna solicita a cesión gratuita da titularidade do inmovible provincial que se sitúa na Praza de a Probra do seu municipio coñecido como Casa Benedicto coa finalidade de proceder a demoler o mesmo, actuación necesaria para rematar a mellora e ampliación da Praza.

En relación con este inmovible forman parte do expedientes os seguintes ANTECEDENTES:

Con data do 22.07.2005, á adopción do acordo da Xunta de Goberno relativo á *propuesta de adquisición de inmueble para la mejora de Plaza Pública en Navia de Suarna* no que, ademais de acordar a adquisición e aceptar o seu precio acordan, *ceder la finca al Ayuntamiento de Navia de Suarna con el fin de la mejora y urbanización de la Plaza de Navia de Suarna.*

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	9/21	

*Sinálase que a Xunta de Goberno celebrouse baixo a Presidencia do Ilmo Sr. don Francisco Cacharro Pardo e actuando como Secretario titular da Corporación don Faustino Martínez Fernández.

Con data do 07.11.2005, a sinatura do documento administrativo do contrato de compra de inmueble para mejora de plaza pública en Navia de Suarna no que define: *Finca urbana sita en la villa de Navia de Suarna: Casa en la Plaza de España, sin numero, comprende una superficie el solar de treinta y seis metros cuadrados, equivalente a cuatrocientos sesenta y tres pies cuadrados, que están edificadas en sótano y cuatro plantas altas. Lindan: por su entrada al Este, derecho al norte y espalda al Oeste con callejón sin nombre que va a la casa llamada de Cadela, inscrita al folio 153 del Tomo 198, libro 42 de Navia de Suarna, finca n.º 4833, inscripción 1ª.*

El precio total de la casa descrita es de cuarenta y dos mil setenta (42.070 €) euros, (...)

O precio da compraventa se entrega a favor de María Pilar Fernández Fernández e de Jose Antonio Fernandez Fernandez propietarios por herencia do seus pais Benedicto Fernández Lombardero e María Eduviges Fernández Alvarez.

*Sinálase que a sinatura formalizouse polo Presidente da Excma Deputación Provincial de Lugo o Ilmo Sr. don Francisco Cacharro Pardo e os propietarios do inmueble dona María Pilar Fernández Fernández e don Jose Antonio Fernández Fernández ante o Secretario Xeral da Excma Deputación Provincial de Lugo don Faustino Martínez Fernández.

Con data do 11.11.2005, a adopción do acordo da Xunta de Goberno relativo ao Convenio de colaboración para a cesión de inmueble al Ayuntamiento de Navia de Suarna, para mejora, ampliación y urbanización de la Plaza de Navia de Suarna que na súa parte dispositiva expresa:

Primero. Aprobar las bases del convenio de colaboración entre esta Excma Diputación Provincial de Lugo y el Ayuntamiento de Navia de Suarna.

Segundo. La Diputación Provincial cede al Ayuntamiento de Navia de Suarna el edificio sito en dicha villa cuya descripción es la siguiente Casa en la Plaza de España, sin numero, comprende una superficie el solar de treinta y seis metros cuadrados, equivalente a cuatrocientos sesenta y tres pies cuadrados, que están edificadas en sótano y cuatro plantas altas. Lindan: por su entrada al Este, derecho al norte y espalda al Oeste con callejón sin nombre que va a la casa llamada de Cardela, inscrita al folio 153 del Tomo 198, libro 42 de Navia de Suarna, finca n.º 4833, inscripción 1ª. Adquirido mediante acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Provincial de 22 de Julio de 2005

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	10/21	



para la ampliación de la Plaza Pública en la que se halla situado el mismo lo cual redundará en beneficio de los habitantes deñl término municipal.

Tercero. Que por el Ayuntamiento de Navia de Suarna se proceda a la demolición del edificio que permitirá la ampliación de dicha Plaza.

Cuarto. Facultar al Ilmo. Sr. Presidente de la Diputación Provincial para la firma de convenio.

*Sinálase que a Xunta de Goberno celebrouse baixo a Presidencia do Ilmo Sr. don Francisco Cacharro Pardo e actuando como Secretario titular da Corporación don Faustino Martínez Fernández.

Con data do 27.02.2006, a sinatura do *convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de Navia de Suarna y la Excmá Diputación Provincial de Lugo para la cesión de inmueble para la mejora y ampliación de Plaza.*

*Sinálase que a dita sinatura formalizouse polo Presidente da Excmá Diputación Provincial de Lugo o Ilmo Sr. don Francisco Cacharro Pardo asistido polo Secretario Xeral da mesma don Faustino Martínez Fernández, e o Alcalde-Presidente do Concello de Navia de Suarna don Vicente Flores González.

Con data do 17.06.2025 a adopción do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Navia de Suarna relativo a aprobación se procede da adxudicación da obra "Acondicionamieno e remate da urbanización da Praza na parcela de Casa Benedicto" PLAN DEPUTACION 2025.

O inmueble esta inscrito no Libro Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo segundo certificación expedida o 20.11.25 baixo o CSV IV7QSHDSZP7K5TJDCXYVAEL6AM coa seguinte descrición:

DENOMINACIÓN Edificación na Praza de España no Concello de Navia de Suarna
REFERENCIA CATASTRAL: 2789503PH6528N0001ZL

SITUACIÓN: Leira urbana sita na Vila de Navia de Suarna: Casa na Praza de España, sen número, comprende unha superficie o solar de trinta e seis metros cadrados, que están edificadas en soto e catro plantas máis e outros cento dezaseis pés cadrados en galería distribuída nas tres plantas altas.

LINDEIROS:

Norte: Praza de España

Sur: Praza de España

Leste: Praza de España

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	11/21	

Oeste: Praza de España

SUPERFICIE: Superficie construída: 160 m2

VALORACIÓN CATASTRAL: 9.397,50 €

COORDENADAS: 662638.62-4758767.82

CARACTERÍSTICAS e ESTADO DE CONSERVACIÓN: Mal estado de conservación.

CLASE DE APROVEITAMENTO: Vivenda

NATUREZA XURÍDICA: Ben Patrimonial.

CLASE: Urbana.

TÍTULO: Por adquisición en Documento Administrativo de data 7 de novembro de 2.005 a D^a M.^a do Pilar Fernández Fernández e D. José Antonio Fernández Fernández propietarios do ben.

INSCRICIÓN REXISTRO DA PROPIEDAD: Parcela 4833, folio 153 do libro 42 de Navia de Suarna, tomo 198, inscripción 1^a.

DESTINO: Mellora de praza pública no concello de Navia de Suarna.

DATA DA ADQUISICIÓN: 7 de novembro de 2.005.

CUSTO DA ADQUISICIÓN: 42.070 €.

O inmueble está inscrito no Rexistro da Propiedade de Ribadeo-Fonsagrada identificado coa finca n.º 4833 e segundo nota simple informativa expedida o 25.11.25 está libre de cargas e os titulares son Benedicto Fernandez Lombardero e María Fernández Alvarez por escritura de compraventa outorgada en A Fonsagrada o 14.05.1952 ante o notario Rafael Garcia Hernández.

Aos efectos de dar cumprimento as vontades desta Corporacion e á da Concello de Navia de Suarna para culminar a cesión gratuita da titularidade do antedito inmueble e que, reitera o Concello no seu escrito do 28.10.25 presentado no rexistro desta Deputación de Lugo co número de entrada 2025RT017613, emitese o seguinte informe:

I. Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.- LPAP-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.-RBEL-
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 6/2023 de 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	12/21





- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- Supletoriamente a Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

II. En relación co cesionario.

O artigo 145.1 da Lei 33/2003 que dispón: “Los bienes y derechos patrimoniales (...) podrán cederse gratuitamente para la realización de fines de interés público (...) a favor de entidades locales .

No mesmo sentido o artigo 138.4 da citada Lei 6/23 de 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.: Cuando la cesión tuviese por objeto la propiedad, solo podrán ser cesionarios el Estado o las entidades locales, sus entidades públicas instrumentales y las fundaciones públicas.

III. En relación coa finalidade da cesión.

O Concello solicitante expresa a finalidade da demolición do inmovible como actuación necesaria para rematar a mellora e ampliación da Praza e refire a sinatura do ano 2006 do convenio de colaboración entre el Ayuntamiento de Navia de Suarna y la Excmá Diputación Provincial de Lugo para la cesión de inmueble para la mejora y ampliación de Plaza.

Forma parte do expediente os distintos acordos provinciais adoptados en relación coa cesión deste inmovible e para dita finalidade e que se refiren nos antecedentes expostos nos que se explicita o contido do artigo 109.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais que esixe que a finalidade das cesións gratúas de bens inmovibles patrimoniais a favor de entidades ou institucións públicas redunde, en beneficio dos habitantes do termo municipal.

IV. Procedemento.

A. Antes de iniciarse os trámites conducentes á cesión do inmovible, procederase a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o seu deslinde se fose necesario e inscribíndose no Rexistro da Propiedade se non o estivese.

Non obstante, poden ser obxecto de cesión bens non regularizados física ou xuridicamente sempre que esta circunstancia se poña en coñecemento do cesionario

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	13/21



e este asuma a obriga de realizar as actuacións necesarias para as ditas regularizacións. (artigo 125.2 do Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto).

B. Formarán parte do expediente os seguintes documentos:

Xutificación de que os fins que persegue deben redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.

Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa da inscrición.

Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no Inventario aprobado pola Corporación en concepto de patrimoniais da Entidade Local.

Certificación catastral descriptiva e gráfica emitida pola Dirección Xeral do catastro no que entre outros, se expresan os datos descriptivos do inmovible, valor catastral e titularidade.

O acordo de adquisición do inmovible adoptado pola Xunta de Goberno de 22.07.2005 determina que o destino do inmovible é a súa cesión a favor do Concello de Navia de Suarna, polo que nunca foi necesario para desta Deputación de Lugo.

C. De seguido, emitirase informe de Intervención no que se manifeste que non hai débeda pendente de liquidación con cargo ao Orzamento provincial e a porcentaxe que respecto ao dito orzamento supón a valoración do ben.

D. Previo ao Acordo definitivo de aprobación da cesión, o expediente someterase a período de información pública por prazo non inferior a vinte días (artigo 83 Lei 39/15).

E. O requisito do artigo 141.2 Lei 6/2023 de 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia: Con anterioridade a la formalización de la cesión deberá constar su aceptación, que habrá de ser pura y simple, sin condicionamiento de ningún tipo.

F A formalización do acordo segundo os termos do artigo 128 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto en relación co artigo 113 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. Co seguinte teor:

Artículo 128 Formalización

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	14/21





La cesión se formalizará en escritura pública, salvo que el cesionario sea una Administración Pública u organismo de ella dependiente, en cuyo caso se formalizará en documento administrativo, de acuerdo con lo señalado en el artículo 113 de la Ley. La inscripción en el Registro de la Propiedad se practicará por el cesionario en los términos previstos en el artículo 151.2 de la Ley, siendo de cuenta del cesionario los gastos que se pudieran generar en el tiempo que medie entre la formalización del documento administrativo y su inscripción registral.

Non obstante, cualquiera de las administraciones públicas intervinientes solicitar su formalización notarial. Artículo 141 1 da citada Lei 6/23.

G. Ademais notificarase a cesión gratuíta á Comunidade Autónoma a efectos de que teñan coñecemento da mesma segundo dispón o artigo 109.2 Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais.

V. Resolución.

Terá lugar a resolución da cesión baixo o presuposto do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais:

1. Si los bienes cedidos no fuesen destinados al uso dentro del plazo señalado en el acuerdo de cesión o dejasen de serlo posteriormente se considerará resuelta la cesión y revertirán aquellos a la Corporación Local, la cual tendrá derecho a percibir de la entidad beneficiaria, previa tasación pericial, el valor de los detrimentos experimentados por los bienes cedidos.

2. Si en el acuerdo de cesión no se estipula otra cosa, se entenderá que los fines para los cuales se hubieran otorgado deberán cumplirse en el plazo máximo de cinco años, debiendo mantenerse su destino durante los treinta años siguientes.

3. Los bienes cedidos revertirán, en su caso, al patrimonio de la entidad cedente con todas sus pertenencias y accesiones.

VI. Órgano competente.

Tendo en conta o artigo 57.23 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo e coa esixencia de que para a adopción dun acordo de cesión gratuíta de bens a favor doutras Administracións Públicas se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno a teor dos seguintes contidos:

Artigo 47.2 ñ) Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	15/21



corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias: Cesión gratuíta de bens a outras Administracións (...).

Artigo 110 Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais, que dispón que para a cesión gratuíta dos bens requirirase acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Sínálase a preceptiva sinatura do Secretario Xeral e ademais, e no seu caso, da Intervención Provincial en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Tendo en conta os antecedentes expostos o presente procedemento conducente a cesión gratuíta da titularidade dun inmovible a favor do Concello de Navia de Suarna estímase de conformidade coa lexislación exposta e pode someterse á consideración do Pleno desta Corporación e no seu caso dar cumprimento as vontades desta Corporación e á da Concello de Navia de Suarna para culminar a cesión gratuita da titularidade do inmovible interesado polo concello que se sitúa na Praza de a Probra do seu municipio coñecido como Casa Benedicto co finalidade expresada na súa solicitude relativa á mellora e ampliación da Praza”

Visto o informe emitido pola Intervención Provincial, en data de 1 de decembro de 2025, baixo o CSV IV7Q4EJJ3347ZZHNYTYBIRRD5Y que conclúe que:

“...á vista das anteriores consideracións e sen prexuízo do resultado derivado de actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría non existe inconveniente a tramitación do expediente de cesión da titularidade do antedito inmovible provincial ao Concello de Navia de Suarna segundo o procedemento anteriormente exposto e as observacións manifestadas.”

Polo exposto e tendo en conta o artigo 57.23 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo PROPONSE:

PRIMEIRO. Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade do inmovible provincial denominado Edificación na Praza de España no Concello de Navia de Suarna e identificado baixo o número de referencia catastral 2789503PH6528N0001ZL a favor do Concello de Navia de Suarna coa finalidade

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	16/21	



expresada na súa solicitude “para que este Concello poida proceder a demoler o mesmo, actuación necesaria para rematar a mellora e ampliación da Praza”.

SEGUNDO. Someter a información pública o presente procedemento que se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

TERCEIRO. Formalizar o acordo de vontades en documento administrativo ou escritura pública a iniciativa do Concello de Navia de Suarna.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. Luís Fernández Guitián e D. Clemente Iglesias González, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 10 (9 emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista) e (1 emitido polo señor Deputado non adscrito); votos en contra, 15 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente, en funcións, declara rexeitada a proposta presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=5

--oo0oo--

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA REPROBAR A JOSÉ TOMÉ E ESIXIR A SÚA INMEDIATA RENUNCIA COMO DEPUTADO PROVINCIAL E ALCALDE DE MONFORTE.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNMY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNMY2CIU	Página	17/21	

Grupo Provincial Popular para reprobar a José Tomé e esixir a súa inmediata renuncia como deputado provincial e alcalde de Monforte.

Exposición de motivos

O pasado 9 de decembro o programa 'Código 10', da canle de televisión Cuatro, deu a coñecer varias denuncias por presunto acoso sexual dirixidas contra o secretario xeral do PSOE lucense, presidente dimisionario da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte, José Tomé Roca.

Esta situación, de extrema gravidade e sen precedentes, veu acompañada dunha serie de circunstancias e feitos concomitantes que requiren de explicacións inmediatas, claras e transparentes, así como da depuración das responsabilidades políticas e penais, se é o caso, oportunas.

Explicacións tanto da persoa denunciada, en relación cos feitos obxecto de acusación, especialmente dada a súa condición de máximo cargo institucional, como do propio partido no que militaba cando aconteceron eses feitos, xa que logo diversas informacións apuntan tamén a unha posible falta de dilixencia e contundencia ante as denuncias efectuadas nas canles internas do PSdeG-PSOE e incluso a presións ás mulleres denunciante.

Calquera outra actitude corre o risco de contribuír negativamente á loita contra a violencia de xénero xa que implica rebaixar a gravidade de presuntas agresións sexuais e supón unha intolerable falta de respecto a todas as mulleres e, particularmente, ás presuntas vítimas que teñen denunciado estes feitos de extrema gravidade.

A resposta que a representación política e as institucións lucenses dean ante esta inédita situación pode enviar unha mensaxe á sociedade demostrando que se esta á altura das circunstancias, respondendo coa máxima transparencia e contundencia e demostrando que a loita contra a violencia de xénero en todas as súas formas é unha prioridade absoluta.

Ao mesmo tempo, asumir responsabilidades políticas implica apartar de xeito inmediato de calquera responsabilidade institucional á persoa ou persoas sobre as que se dirixen estas acusacións, incompatibles con continuar exercendo responsabilidades políticas como as de presidente en funcións da Deputación de Lugo, alcalde de Monforte ou a de deputado provincial.

Sen cuestionar a presunción de inocencia, causa un máximo estupor e preocupación a gravidade dos feitos descritos que esixen a firme condena ante este tipo de condutas

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	18/21	



inconcibibles, así como un pronunciamiento institucional expreso neste mesmo sentido.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo

O Pleno da Deputación de Lugo acorda:

- 1.- Expresar a súa solidariedade e apoio ás denunciante do Presidente da Deputación de Lugo por presunto acoso sexual e reclamar que estes gravísimos feitos se esclarezan, investiguen e se resarzan ata as últimas consecuencias.
- 2.- Manifestar a reprobación a José Tomé Roca, e a dos cargos do PSOE que encubriron durante meses estas denuncias, por incorrer coa súa conduta en feitos con aparencia de ser constitutivos dun delito contra a liberdade sexual ou por tratar de ocultar uns feitos que, en todo caso, son merecedores do máximo reproche público especialmente dada a súa condición de máximo cargo dunha institución pública como a Deputación de Lugo.
- 3.- Esixir a inmediata renuncia de José Tomé como Alcalde de Monforte e deputado provincial xa que, desde o respecto á presunción de inocencia e o dereito de defensa, os feitos denunciados revisten unha gravidade tal que son incompatibles coa continuidade no exercicio de calquera función representativa, política e institucional."

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor Presidente en funcións D. José Tomé Roca, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D. Pablo Rivera Capón, representantes do Grupo Provincial Socialista, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 15 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra 10 (9 emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista) e (1 emitido polo señor Deputado non adscrito). Polo que o Presidente, en funcións, declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=6

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	19/21	

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

7.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 28/11/2025, RELATIVA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO PLAN DEPUTACIÓN 2025 DO CONCELLO DE VILALBA.

Aos efectos do previsto nas bases do PLAN DEPUTACION 2025, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 28/11/2025 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de VILALBA solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=7

8.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA DE SISTEMAS ANUAL DE 2024 DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS.

Dase conta do Informe definitivo de Auditoría de sistemas anual de 2024 de verificación do cumprimento das condición de funcionamento do rexistro contable de facturas.

O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=8

9.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dase conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de novembro de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 5741 ao 6297, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNNY2CIU	Página	20/21	



O Pleno da Corporación queda enterado.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=9

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=10

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se presentan.

https://videoactas.deputacionlugo.org/?meeting=video_202512301101000000_FH.mp4&punto=11

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente, en funcións, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e dous minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE, EN FUNCIONS,

O SECRETARIO,

	IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Fecha y Hora	30/12/2025 17:52:27	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q2WKNIEGPL267ZUYNKY2CIU	Página	21/21	